

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 30 de abril de 2007 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da interesada ou interesado, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde.

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 89, do 9 de maio de 2007, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 7.405, no artigo 3º, onde di: «Poderán solicitar... en servizo activo dos corpos...»; debe dicir: «Poderán solicitar... en servizo activo ou en excedencia por coidado de familiar dos corpos...».

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 30 de abril de 2007 pola que se convoca un curso de formación para empregados/as públicos/as da Xunta de Galicia.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de igualdade e benestar social, en virtude do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A formación do persoal que desenvolve ou está en condicións de desenvolver funcións de mando ou directivas nos centros de traballo da área da igualdade e do benestar é fundamental para acadar os obxectivos de eficacia e eficiencia desexables. Neste senso, a Vicepresidencia asinou o 27 de abril de 2007 un convenio coa EGAP para a realización dun curso de habilidades directivas na área da igualdade e do benestar.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que teño concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Aprobar as bases e proceder á convocatoria do curso de habilidades directivas na área da igualdade e do benestar.

Artigo 2º.-Obxectivos do curso.

Formar os/as empregados/as públicos/as con responsabilidades directivas, de xestión e/ou mandos intermedios, nas técnicas e habilidades directivas necesarias para afrontar o liderado de equipos de traballo, xestión de organizacións e mellora da calidade, en unidades administrativas ou centros relacionados coas áreas da igualdade e do benestar.

Artigo 3º.-Persoal ao que vai dirixido.

Empregados/as públicos/as da Administración da Xunta de Galicia con funcións de mando intermedio ou directivas.

Artigo 4º.-Criterios de selección.

A selección dos aspirantes efectuará unha comisión designada para este efecto e constará de dúas fases:

1ª fase: valoración de méritos.

A puntuación máxima desta fase será de 7 puntos e aplicarase o seguinte baremo:

a) Por cada ano de experiencia en postos de responsabilidade directiva en centros da igualdade e do benestar ou en unidades administrativas desas áreas con nivel de xefatura de servizo ou superior: 0,50 puntos por ano ata un máximo de 2,50 puntos.

As fraccións de ano traballado nun posto poderanse acumular ao tempo traballado noutro. A experiencia será certificada polo responsable do departamento de persoal do que dependa o solicitante.

b) Pola posesión de cursos específicos para directivos impartidos por entes públicos ou privados con homologación pública.

-Por cursos de 50 a 150 horas: 0,25 puntos/curso.

-Por cursos de máis de 150 horas: 0,50 puntos/curso.

A puntuación máxima desta epígrafe será de 2,50 puntos.

Os cursos deberán ter relación con algunha das materias relacionadas co contido do curso obxecto desta convocatoria.

c) Por publicacións de monografías ou artigos sobre temas relacionados coa Administración pública: máximo de 1 punto.

-Cada monografía: 0,50 puntos.

-Cada artigo: 0,25 puntos.

Só se valorarán as monografías ou artigos aparecidos en publicacións con ISBN ou ISSN que estean debidamente acreditados.

d) Por coñecementos do idioma galego ou idiomas comunitarios: máximo de 1 punto.

-Acreditación de nivel superior ao diploma de perfeccionamento de galego: 0,50 puntos.

-Acreditación de nivel medio dunha lingua da Unión Europea: 0,50 puntos.

A comisión de selección, unha vez concluída a fase de baremación, exporá os resultados provisorios na páxina web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e nos taboleiros de anuncios dos seus servizos centrais e delegacións. Durante tres días hábiles os aspirantes poderán formular alegacións. A continuación elaborárase a relación definitiva.

A comisión determinará a puntuación mínima para acceder á segunda fase.

2ª fase: entrevista.

A puntuación máxima é de 3 puntos. A comisión avaliará as condicións intelectuais, profesionais, persoais, a capacidade de liderado e a motivación dos aspirantes.

Unha vez rematada a segunda fase, elaborárase a relación definitiva de aspirantes seleccionados para participar no curso. Esta relación exporase na páxina web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e nos taboleiros de anuncios dos seus servizos centrais e das súas delegacións.

Artigo 5º.-Desenvolvemento.

-Duración: 48 horas.